



Berrobambán

# Xuir defet

(Jour de fête)





*Il pleut il mouille  
Aujourd'hui c'est la fête  
à la grenouille  
Et la grenouille  
C'est mon amie*

Chove, chove, e choverá  
Hoxe é a festa das ras  
e son amigas miñas,  
as ras

## **xurdefet** (Jour de fête)

Calquera día é bo para unha festa, aínda que a túa nai non queira que saias da casa, por se te mollas, por se te ensuxas, por se alguén te leva, por se non atopas o camiño de volta, por se...

Unha muller, que foi nena hai algún tempo, volve ao patio da súa casa e lembra un día de festa no que descubriu que os animais tiñan preocupacións moi semellantes ás súas: non querían medrar nunha gaiola, non querían que os insultasen, non querían aburrirse, non querían xogar sen compañía.





Recollemos das xeniais palabras de Jacques Prévert, un autor francés do século XX que coñeceu un grande éxito en vida, que conseguiu estar nas bocas de quen aínda canta cancións ás que lles puxo letra, que pasou á historia do cine polos guións de clásicos como *Les enfants du paradis*, que lle deu voz poética a quen non a tiña, que escribiu pequenas pezas de teatro para ser representadas por actores e actrices de calquera idade, que realizaba colaxes cos que completaba un imaxinario que deixou impronta na sociedade francesa ata converterse nun clásico recente... e que é case un completo descoñecido en Galicia.

# Jacques

Se escollemos a Jacques Prévert é porque os seus textos nos devolven a luz da infancia nunha época difícil. A súa mirada fai que lles prestemos atención aos pequenos milagres da nosa contorna: a natureza, os animais, as persoas, para descubrir grazas á música das palabras algúns momentos de auténtica felicidade nunha sociedade cada vez máis hostil e despiadada. Prévert é subversivo, anárquico, surrealista, e deixa abertas as portas das gaiolas nas que ás veces nos metemos sen querer.

# Prévert

Partindo do seu poema *Jour de fête*, realizamos unha dramaturxia con textos dos libros *Histoires*, *Choses et autres*, e, sobre todo, *Contes por enfants pas sages*, onde o autor personifica en diferentes animais grandes conflitos da infancia: o abandono (no conto *A avestruz*), o que entendemos por educación e civilización fronte a vida salvaxe (*Pequeno león nunha gaiola*, *O elefante mariño*), o aburrimiento (*O dromedario descontento*) ou a liberdade (*Cabalo nunha illa*).



Como referencia estética para a creación e o debuxo, tanto do espazo escénico como da caracterización de personaxes, pensamos nun contemporáneo a Prévert: **Jacques Tati**, director de películas como *Mon oncle* ou *Les vacances de M. Hulot*.

Jacques Tati levou ao cine a limpeza e o ritmo do clown. As coreografías, a simetría e o suave emprego da cor deste director, organizan un universo caótico que parece danzar nas entradas e saídas dunha variedade de personaxes definidos tan só cun par de trazos físicos.

*Xurdefet* é por tanto unha homenaxe a estas dúas iconas da cultura francesa do século XX: Jacques Prévert e Jacques Tati.





En *Xurdefet*, alén das nenas protagonistas, interveñen puntualmente outros personaxes que conforman o entramado do patio de veciños e do propio xogo dramático, proporcionando dinamismo, limpeza e un certo aire retrospectivo que facilitan a atemporalidade da proposta.

Todo o equipo traballamos para que o encontro entre a infancia e o teatro nos devolva esa mirada sobre o mundo que perdimos nalgún momento, cando deixamos de escoitar os paxaros, intentamos domesticar os animais e collímoslle medo ao descoñecido no canto de querer coñecelo.

Celebremos, pois. Celebremos que a infancia non ten fronteiras e o teatro tampouco, e que cando xogamos o tempo non se mide con reloxos nin o espazo con metros cadrados.



**Intérpretes**

Paula Carballeira  
Nuria Sanz  
Chiqui Pereira

**Texto**

Paula Carballeira  
a partir de textos  
de Jacques Prévert

**Dirección**

Chiqui Pereira

**Ax. dirección**

José Campanari

**Música**

Nacho Sanz

**Iluminación**

Baltasar Patiño

**Vestuario**

José Campanari

**Realización vestuario**

Cloti Vaello

**Espazo escénico**

Baltasar Patiño

**Realización espazo**

Allmad estudio

**Producción**

Chiqui Pereira

**Ax. Producción**

María Rosendo

**Asesoría Coreográfica**

Olga Cameselle

**Diseño gráfico**

Nanina Deseño

**Unidade didáctica**

Lara Rozados

**Gravación video**

Illa Bufarda

**Un espectáculo para toda  
a familia recomendado  
a partires dos 6 anos.**

# Berroobambán

Desde o ano 2000 producimos un total de dez espectáculos teatrais para público familiar, entre os que podemos destacar *Boas Noites*, *Bicharada* ou *O Refugallo* que tiveron un notable éxito de público, converténdonos nunha das compañías galegas con maior número de espectadores.

Participamos en programacións de Galicia, España, Portugal, Corea e Canadá e, polo medio, organizamos o *Asteroide B-612*, a primeira programación familiar estable

en Galicia e o *Circo-lar*, unha programación familiar para a Consellería de Cultura.

O CDG encargounos *A Cabana de Baibaiga*, a adaptación dun conto ruso con moita, moita música. Tamén realizamos espectáculos de animación á lectura que nos levaron por moitas bibliotecas e centros educativos.

Neste tempo estreamos catro espectáculos para público adulto; *NdC.*, *Vendetta*, *Pressing Catch* e *Avestruz en terra allea*.





Rimos moito facendo oito video-clips paródicos sobre a vida política galega, e habitualmente colaboramos con editoras, xornais, compañías, salas ou grupos musicais editando textos teatrais, cedés musicais, devedés interactivos, unidades didácticas sobre as tendencias no teatro contemporáneo, etc.

Todo para perseguir a maior difusión posible do noso traballo e así conseguir que o público nos coñeza, porque despois de todos estes anos o único que non cambiou é a seguridade, a confianza, a ilusión e o esforzo que poñemos no noso traballo.






















[info@berrobamban.com](mailto:info@berrobamban.com) - 981 573 626/695 929 262 -  berrobamban